



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA  
QUINCE DE ABRIL DE 2025 CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde -Presidente

Tenentes de Alcalde:

D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

D. MANUEL COSTA CARNEIRO (Escusa asistencia)

D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

D<sup>a</sup>. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA

D<sup>a</sup>. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria

D<sup>a</sup>. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cinco minutos do día quince de abril de dous mil vinte e cinco baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (06/03/2025).**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día seis de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade, logo de facer as seguintes correccións:

No punto 4, de Resolucións da Presidencia dos meses de xaneiro e febreiro

Onde di:

| DECRETO | DATA       | ASUNTO                                                                                                                                                        |
|---------|------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 126     | 28/02/2025 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2025.1 por importe de 13.143,80 euros                |
| 127     | 28/02/2025 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2025.4 por importe de 1.965,02 euros |

Debe dicir:

| DECRETO | DATA       | ASUNTO                                                                                                                                                         |
|---------|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 126     | 28/02/2025 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados á telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2025.4 por importe de 1.965,02 euros                  |
| 127     | 28/02/2025 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2025.3 por importe de 12.897,93 euros |

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Instancia núm. 202499900000527 de Bocaleón Ibérica, S.L. (Expediente núm. 2024/U024/000006)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da citada instancia na que don Miguel Ángel Patiño Yañez, en representación de Bocaleón Ibérica, S.L, solicita licenza para actuacións de nivelación de terreo, levando a cabo un desmorte de 4.813,40 m<sup>3</sup> de terras e un achandado de 4.942,40 m<sup>3</sup> para plantación de viñado nas parcelas número 161a 170 do polígono 507 do catastro de Vedra en Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2024/U024/000006), en solo cualificado como “Rústico de especial protección forestal. R-3”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por arquitecto técnico Colexiado 1784.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50700161, 15090A50700162, 15090A50700163, 15090A50700164, 15090A50700165, 15090A50700166, 15090A50700167, 15090A50700168, 15090A50700169, 15090A50700170.

Dáse conta tamén das seguintes autorizacións:

- Consellería do Medio Rural de data 18/02/2025, en sentido favorable, expediente Ref.: 2024/2608607.

-Servizo do Patrimonio Natural do 10/03/2025, expediente: 0641/2024.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, debendo as obras ou actuacións axustarse e atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento do prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado/a. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada polo arquitecto técnico Colexiado: 1784, de data 23/05/2024, e ao contido das autorizacións/informes sectoriais sinalados, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Non se afectará ningún elemento das vías ou espazos públicos (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo Concello. O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, movemento de maquinaria, etc. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberán reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderán inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

As obras ou actuacións deberán cumprir as disposicións da normativa sectorial que lle resulten de aplicación e nos termos das autorización outorgadas.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As estruturas fixas deberanse situar a unha distancia mínima de 6m dende o eixe das vías municipais.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trinta e sete euros con noventa e un euros (#237,91#).

### 2.2.- Comunicación de obra de Bocaleón Ibérica, S.L. (Expediente núm. 2024/U026/000075)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por Miguel Angel Patiño Yañez, en representación de Bocaleón Ibérica, S.L, para construción de alboio, cunha superficie útil de 22,40 m<sup>2</sup>, para garda de apeiros de rega e almacén en viñedos, nos termos da documentación técnica achegada, asinada por arquitecto técnico N\_ 1784 COATAC, de data 11/11/2024 e anexo asinado con data 09/01/2025.

Dáse conta da autorización outorgada pola Consellería do Medio Rural con data 25/03/2025, en sentido favorable, expediente Ref. : 2025 / 106206.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50700183, emprazada en Neira de Abaixo - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección forestal (R-3), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados, así coma ao contido do informe emitido pola Consellería do Medio Rural.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos dez euros con oitenta céntimos (#210,80#).

### 2.3.- Instancia núm. 202599900000267 de Carlos Varela Pérez. (Expediente prórroga número: 2025/U003/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 28/04/2016 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Trasariz de Abaixo, 16 - Vedra (Expediente número 2016/U022/000008), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha terceira prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.



2.4.- Comunicación de obra de dona María Luisa Cabo Souto. (Expediente núm. 2025/U026/000008)

Dáse conta do expediente número 2025/U026/000008 de comunicación de obra achegada por María Luisa Cabo Souto para rehabilitación de edificación auxiliar, de aproximadamente 60 m<sup>2</sup> en planta, consistente en renovar a cuberta substituíndo a tella existente por outra nova tipo veraa.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50100259, emprazada en Paradela, 10 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Comunicación de obra de don José Carlos Zas Villaverde. (Expediente núm. 2025/U026/000009)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Carlos Zas Villaverde para construción de peche de parcela, aproximadamente 65 metros de largo e recuado á distancia regulamentaria, con base de bloque, de 50 cm. de alto, revestido e pintado, e postes e arame ata unha altura total de 1,80 metros.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000805800NH43E, emprazada en Marzán de Arriba, 23 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e oito euros con corenta e dous céntimos (#58,42#).

**3º.- Declaracións responsables renovación funcionamento actividade de furanchos**

3.1.- Instancia de Fabián López Canicoba. (Expediente número 2025/U015/000001).

Dáse conta da declaración responsable, presentada por Fabián López Canicoba, para:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



**PRIMEIRO.-** Cambio de titular do furancho denominado comercialmente “Manolo de Casimiro”, en Ximonde, 1 – Sarandón (San Miguel) Vedra.

**SEGUNDO.-** Renovar o funcionamento do establecemento dedicado a furancho no lugar de Ximonde, 1 – Sarandón (San Miguel), en este termo municipal. Referencia catastral: 002000400NH43C.

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente, toma coñecemento:

**PRIMEIRO.-** Do cambio de titular comunicado a nome de Fabián López Canicoba.

**SEGUNDO.-** Da renovación do período de funcionamento, á vista do declarado e nos termos da documentación achegada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

-Renovación do seguro de responsabilidade civil.

-Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño.

-Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón.

O novo período de apertura será do 17/03/2025 ao 17/06/2025. Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

3.2.- Instancia de D<sup>a</sup>. María José Carbia Silva. (Expediente número 2025/U015/000002.)

Dáse conta da declaración responsable para renovar o funcionamento dun establecemento dedicado a furancho no lugar de Malfurado, 4 – Trobe (San Andrés), “Furancho do Ferreiro”. Referencia catastral: 15090A50501636.

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente, toma coñecemento do declarado, nos termos da documentación achegada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

-Renovación do seguro de responsabilidade civil.

-Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño.

-Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón.

O novo período de apertura será do 17/03/2025 ao 17/06/2025. Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.



#### **4º.- Aprobación inicial dos padróns fiscais de taxas do exercicio 2025.**

##### **4.1.- Padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública (Expediente núm. 2024/X999/000073)**

Estando en vigor neste Concello para a realización do padrón fiscal anual da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública a Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004, modificada por acordo plenario de data 26/10/2023, BOP núm. 243 do 22/12/2023.

Examinado o expediente 2024/X999/000073, que contén a documentación para a formación e tramitación do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do ano 2025, dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no pasado exercicio 2024, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2025, con base no seguinte:

Primeiro: O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 06/03/2025 (punto 3º da orde do día), relativo ao recoñecemento -por delegación do Pleno- do dereito de redución da cota tributaria a 9 contribuíntes acollidos ao disposto no artigo 8.1 da Ordenanza (expte. electrónico 2025/X999/000006)

Segundo: Os 33 expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núm. 365, 650, 653, 817, 833, 836, 840, 841,842, 910, 912, 915, 919, 920, 923, 930 e 931, ditadas no ano 2024 e núm. 27, 28, 29, 31, 37, 35, 41, 62, 74, 86, 87, 88, 95, 131, 155 e 157 ditadas no 2025).

Terceiro: Un expediente de baixa do padrón fiscal do lixo (resolución da Alcaldía núm. 113/2025 de data 26 de febreiro de 2025).

Cuarto: Dous expediente de cambio de epígrafe, local baleiro, a petición das persoas interesadas (resolución da Alcaldía e 115/2025 de data de 26/02/2025).

Quinto: Un expediente de alta no Padrón fiscal do lixo a petición da interesada (resolución da Alcaldía núm. 934/2024 de data 20/12/2024 e o núm. 117/2025 de data 27/02/2025)

Sexto: As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 5 novas altas a 1 de xaneiro de 2025 (resolución da Alcaldía núm. 93/2025 de data 14 de febreiro de 2025).

Visto o expediente e as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2025, formado con base ao exposto nos puntos anteriores.

**SEGUNDO:** Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións. No caso de non terse presentadas reclamacións no prazo establecido, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo.

##### **4.2.- Padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros (Expediente núm. 2024/X999/000095)**



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Estando en vigor neste Concello para a realización do Padrón fiscal anual da taxa da rede de sumidoiros a Ordenanza fiscal núm. 13, publicada no BOP núm. 160 do 14/07/2004, na súa redacción actual aprobada por acordo plenario de data 26/10/2023, publicado no BOP núm. 243 do 22/12/2023.

Examinado o expediente 2024/X999/000095, que contén a formación e tramitación do padrón fiscal da taxa da rede de sumidoiros do ano 2025, dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no pasado exercicio 2024, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2025, con base no seguinte:

Primeiro: Os 15 expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núm. 651, 654, 818, 839, 911, 913, 916, 918, 921 e 925 ditadas no ano 2024 e núm. 30, 32, 38, 41 e 119 ditadas no ano 2025).

Segundo: As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 32 novas altas a 1 de xaneiro de 2024 (resolucións da Alcaldía núm. 78/2025 e 94/2025, de datas 7 e 14 de febreiro, respectivamente).

Visto o expediente e as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa da rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2025, formado con base ao exposto nos puntos anteriores.

Segundo: Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións. No caso de non terse presentadas reclamacións no prazo establecido, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo.

### **5º.- Aprobación de prezos públicos**

#### **5.1.- Aprobación prezo público da XXXII Romaría da Terceira Idade**

A vista de que o Concello de Vedra organiza a XXXII Romaría da Terceira Idade e considerando a documentación que obra no expediente 2025/X999/000039, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o prezo público da “XXXII Romaría da Terceira Idade” que se achega como Anexo I

Segundo: Dar traslado da presente resolución aos servizos económicos municipais.

Terceiro: Proceder á súa publicación na páxina web do concello ([www.concellodevedra.es](http://www.concellodevedra.es)) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

#### **5.2.- Aprobación prezo público do Campamento xuvenil – Viaxe do verán 2025**

A vista de que o Concello de Vedra, a través do departamento de Xuventude organiza o Campamento xuvenil- Viaxe do verán para o ano 2025, e a vista da documentación que obra no expediente 2025/X999/000049, a Xunta de Goberno Local acorda:





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: [correo@concellodevedra.gal](mailto:correo@concellodevedra.gal)



Primeiro: Aprobar o prezo público do Campamento xuvenil- Viaxe do verán para o ano 2025 que se achega como Anexo II

Segundo: Dar traslado da presente resolución aos servizos económicos municipais.

Terceiro: Proceder á súa publicación na páxina web do concello ([www.concellodevedra.es](http://www.concellodevedra.es)) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

### 6º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de marzo:

| DECRETO | DATA       | ASUNTO                                                                                                                                                                                                                                             |
|---------|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 130     | 03/03/2025 | Expediente de responsabilidade patrimonial por danos patrimoniais sufridos como consecuencia da realización de traballos pola brigada de obras                                                                                                     |
| 131     | 03/03/2025 | Cambio titularidade recibo taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 8 de Manteles de Abaixo- Vedra                                                                                                                                                |
| 132     | 03/03/2025 | Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e o CEIP Ortigueira prevista no orzamento                                                                                                                         |
| 133     | 03/03/2025 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.5 por importe de 40.984,01 euros                                                                                                       |
| 134     | 03/03/2025 | Anulación recibos da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 7 de Gatente – San Andrés de Trobe dos anos 2021-2024 por erro no titular da vivenda                                                                                                |
| 135     | 03/03/2025 | Altas no padrón municipal de habitantes                                                                                                                                                                                                            |
| 136     | 03/03/2025 | Altas no padrón municipal de habitantes                                                                                                                                                                                                            |
| 137     | 03/03/2025 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de marzo                                                                                                              |
| 138     | 03/03/2025 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de marzo                                                                                                          |
| 139     | 03/03/2025 | Concesión praza vacante Programa Concilia, modalidade ludoteca, curso 2025 a SLV.                                                                                                                                                                  |
| 140     | 03/03/2025 | Aprobación recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2025 para aplicación ao orzamento de 2025 xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2025.6 por importe de 10.461,36 euros                   |
| 141     | 03/03/2025 | Altas no padrón municipal de habitantes                                                                                                                                                                                                            |
| 142     | 03/03/2025 | Aprobación memoria e solicitude de subvención para executar por administración a obra de Ampliación da rede de abastecemento en Fornelos e Manteles de Abaixo, ao abeiro da orde que regula a convocatoria do Fondo de Compensación Ambiental 2025 |
| 143     | 04/03/2025 | Aprobación expediente de contratación do investimento Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla (PSTT Terras de Santiago –Fondo de Recuperación, Transformación e Resiliencia) (Expediente 2025/C003/000001) |
| 144     | 03/03/2025 | Aprobación e orde de pagamento da taxa por solicitude de                                                                                                                                                                                           |





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



|     |            |                                                                                                                                                                                                         |
|-----|------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|     |            | autorización para a obra de Mellora de camiño no Burgo (AGADER 2025/2026)                                                                                                                               |
| 145 | 04/03/2025 | Concesión de subvención directa á Asociación de festexos populares de San Xián de Sales                                                                                                                 |
| 146 | 04/03/2025 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento (concepto non orzamentario 40100) incluídos na relación de facturas F.2025.7 por importe de 3.937,84 euros |
| 147 | 05/03/2025 | Devolución fianza a Raquel Fernández Pousada polo cumprimento das condicións de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación - Espazo Coworking do concello de Vedra                    |
| 148 | 05/03/2025 | Aprobación bases e convocatoria para a contratación de 2 peóns de obras públicas, durante 6 meses, por circunstancias de produción                                                                      |
| 149 | 05/03/2025 | Aprobación bases e convocatoria para a contratación de persoal do Programa PEL –Deputación 2025: 3 peóns de obras públicas e 1 axudante de recollida de lixo                                            |
| 150 | 05/03/2025 | Conexión ao servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 69 de Paradela –San Xián de Sales                                                                                                          |
| 151 | 05/03/2025 | Altas no padrón municipal de habitantes                                                                                                                                                                 |
| 152 | 05/03/2025 | Altas no padrón municipal de habitantes                                                                                                                                                                 |
| 153 | 05/03/2025 | Conexión ao servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 2 de Eiravedra –Santa Cruz de Ribadulla                                                                                                    |
| 154 | 06/03/2025 | Altas no padrón municipal de habitantes                                                                                                                                                                 |
| 155 | 06/03/2025 | Cambio titularidade recibo taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 7 de Gatente –San Andrés de Trobe                                                                                                  |
| 156 | 06/03/2025 | Alta no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 16 de Afós – Santa Cruz de Ribadulla                                                                                               |
| 157 | 06/03/2025 | Cambio titularidade recibo taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 16 de Afós – Santa Cruz de Ribadulla (cambio numeración vivenda)                                                                   |
| 158 | 06/03/2025 | Altas no padrón municipal de habitantes                                                                                                                                                                 |
